

TODO O MUNDO ODIA A JOHAN

998

Hallvar Witzø, 2022

ESTREA EN NUMAX: 19.08.2022 | V.O.S.E. | 93 min

Johan é un excéntrico e inadaptado habitante dunha pequena aldea norueguesa. Orfo desde neno e afeccionado aos explosivos, Johan tenta conquistar o corazón da súa veciña Solvor, a quen voou polos aires accidentalmente de pequenos.

«Enche de explosións o humor e de TNT a melancolía»

Carlos Marañón, CINEMANÍA



Entrevista con Hallvar Witzø: «Creo que a vida está chea de coincidencias que cambian as nosas traxectorias vitais de forma imprevista»

Proporcionada por Avalon Distribución Audiovisual

Como xurdiu este proxecto?

Tiven a idea dun funeral que se torce moito, no que os asistentes non senten realmente pena senón unha secreta alegría de librarse do vello do ataúde. Parecíame interesante, podería ser emocionante e divertido coñecer quen fora ese vello e que fixera para ser odiado por toda a vila. Ademais, era evidente que o vello era o heroe e os aldeáns os necios.

Ti tamén vés dunha pequena vila. Hai moitos detalles autobiográficos no filme? Identificaste con Johan?

Identifícome en moitos sentidos. Encántame a zona rural da que proveño e, aínda que vivo na gran cidade, aínda me sinto na casa cando visito a dos meus pais e os seus vellos amigos. Eu tamén teño unha conexión coa terra. Ademais, son práctico e pouco refinado, coma Johan.

Como foi a dirección de actores?

Encántame traballar con todos os meus actores, especialmente con Pål Sverre Hagen, quen se imbuíu a fondo no personaxe e converte os seus dous metros de altura en puro sentimento e inocencia. Tamén me encantou traballar cos actores novos, os nenos e adolescentes que interpretan a Johan e Solvor. É fascinante ver o que poden facer diante da cámara, tan valentes e naturais.

O filme está cheo de explosións, foi un reto filmalas?

En realidade non. Utilizamos dinamita na maioría das escenas con explosións, que é practicamente gratis comparada cos efectos dixitais. Tiven a sorte de contar con algúns dos mellores especialistas en explosivos e efectos especiais, e fixeron un gran traballo. O 90% das explosións son reais, que sempre é máis divertido e emocionante.

A historia desenvólvese durante varias décadas, desde os anos 1940 ata o presente. Que retos supuxo para a produción?

Tiven que encontrar unha localización que puidese representar todas as épocas. Tras visitar unha gran porción da costa norueguesa encontrei Titran. Adoitaba ser unha activa vila pesqueira, pero agora apenas contaba con 80 habitantes. O outro gran reto era a maquillaxe, conseguir que Pål Sverre Hagen envellecese de forma realista como Johan e Solvor desde a trintena aos cincuenta e ata os oitenta anos. Para a fase final empregaban ata catro horas diarias de maquillaxe. O equipo de Asta Hafthorsdottir e Thomas Foldberg fixo un traballo fantástico.

Consideras que o destino xoga un papel importante no filme? Cres que hoxe hai xente destinada a estar xunta?

Si e non. Creo que a vida está chea de coincidencias que cambian as nosas traxectorias vitais de forma imprevista, pero o amor é unha forza tan poderosa que pode reunir a dúas persoas incluso despois de toda unha vida separados.